

Monográfico de Comercio Electrónico na Coruña e Santiago



Durante o pasado venres 15, celebrouse no Centro de Estudos de Caixa Galicia (na Coruña) simultaneamente por vídeo-conferencia co [Centro de Supercomputación de Galicia](#) (en Santiago de Compostela) unha xuntanza dentro da iniciativa coñecida como [Last Friday](#) que nesta ocasión tiña como obxectivo discutir e compartir experiencias sobre o Comercio Electrónico.

Participaron tanto representantes de entidades financeiras ([Caixa Galicia](#)) como operadores de comunicacións ([R](#)) e outros axentes do medio, como poden ser o [Centro de Competencia en Comercio Electrónico](#) ou o persoal do CESGA, xunto con empresarios que realizan a súa actividade na Internet

([Cibervisión](#), [Dinaweb](#),...) pechándose cun balance positivo sobre certas campañas *evanxelizadoras* que se levaron a cabo en Galicia e facendo reflexións sobre o futuro do sector.